

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8276 *Real decreto 628/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan as peculiaridades do réxime de autorizacións para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil.*

A disposición derradeira primeira do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, faculta o Goberno para regular, por proposta dos ministros de Defensa e do Interior e, se for o caso, dos demais ministros competentes, as peculiaridades do réxime de autorizacións e circulación dos vehículos pertencentes ás Forzas Armadas.

En cumprimento dese mandado aprobouse o vixente Real decreto 1257/1999, do 16 xullo, polo que se regulan os permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil, que veu a concretar esas peculiaridades recollendo cantas exixencias impoñen as especiais circunstancias que concorren neses ámbitos pero tendo en conta sempre, como prioridade, a seguraza viaria.

Foron varios os cambios normativos introducidos con posterioridade en materia de tráfico, dos cales cabe destacar, por unha parte, a modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria, pola Lei 17/2005, do 19 de xullo, que implantou o permiso de condución por puntos.

E, por outra parte, a aprobación do novo Regulamento xeral de condutores, polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, que supuxo unha reforma substancial con respecto ás clases de permisos de condución ao substituír a licenza de condución de ciclomotores polo permiso de condución AM, incorporar o novo permiso de condución da clase A2 e incluír por primeira vez o permiso de condución da clase BTP.

Así mesmo, no seu título III, dedicado aos permisos de condución expedidos polas Forzas Armadas e pola Dirección Xeral da Garda Civil, regúlase de maneira detallada o troco tanto do permiso de condución como das autorizacións especiais para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas expedidas por escolas ou organismos das Forzas Armadas ou da Dirección Xeral da Garda Civil, troco este último que se recoñece por primeira vez no citado regulamento.

Os citados cambios inciden directamente no contido do Real decreto 1257/1999, do 16 xullo, motivo polo cal se considerou preciso ditar o presente real decreto co obxecto de actualizar, completar e adaptar o seu contido a esas modificacións.

A través deste real decreto vanse regular unicamente aqueles aspectos peculiares e específicos do réxime das autorizacións para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil que, por razón das súas especiais características, deben selo de maneira diferente a como se regulan na vixente normativa de tráfico, sen prexuízo de que, en todo o demais, lles sexa de aplicación a citada normativa.

Do seu contido cabe destacar os seguintes aspectos:

Os permisos de condución, así como as autorizacións especiais, serán expedidos polas escolas ou organismos das Forzas Armadas e da Dirección Xeral da Garda Civil cando sexa necesario por razón do posto de destino ou por necesidades do servizo.

Esta é unha das características máis salientables das autorizacións para conducir vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil cuxa obtención non responde a un interese persoal ou particular, ao concibirse como un elemento máis na formación dos seus membros para prestaren un servizo, o que xustifica que se expidan estas clases de permisos, todo isto en beneficio do bo funcionamento e das necesidades do Exército ou do corpo de pertenza.

Prevese que tanto o Rexistro de Condutores e Infractores da Dirección Xeral de Tráfico como os respectivos rexistros das Forzas Armadas e da Garda Civil se faciliten

reciprocamente, por medios electrónicos mediante a interconexión das súas respectivas bases de datos, os datos que sexan necesarios para aplicar o disposto neste real decreto.

Substitúese o actual formato en cartolina dos permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil polo formato en cartón de plástico, como xa se fixo no ano 2004 con respecto aos permisos de condución civís e, máis recentemente, cos permisos de condución do Corpo Nacional de Policía, ao ofrecer maiores garantías contra a falsificación e estar menos exposto á deterioración polo uso.

Así mesmo, tamén se substitúe o actual formato en cartolina das autorizacións especiais para conducir vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil que transporten mercadorías perigosas por un modelo harmonizado en formato cartón de plástico e con maiores medidas de seguranza que o actual, en consonancia coas emendas propostas por Portugal aos anexos A e B do Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), do cal España é parte contratante, que obriga desde o pasado día 1 de xaneiro de 2013 a expedir as autorizacións especiais para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, no ámbito civil, nese formato.

Este real decreto recibiu informe da Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto na alínea b) do artigo 5 do estatuto da citada axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xullo de 2014,

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular as peculiaridades do réxime de autorizacións para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil.

2. Os vehículos pertencentes ás Forzas Armadas ou á Garda Civil só poderán ser conducidos polos que sexan titulares dun permiso de condución ou dunha autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, conforme o previsto no presente real decreto.

3. As autorizacións especiais para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas habilitan o seu titular para conducir calquera deses vehículos cando transporten mercadorías perigosas, conforme o previsto nas disposicións do Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), ou a regulamentación militar reguladora do transporte de mercadorías perigosas por estrada.

4. Non obstante o disposto nos números anteriores, as autorizacións temporais expedidas conforme o previsto nos artigos 3 e 6 tamén habilitan o seu titular para conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil.

Artigo 2. *Requisitos para a súa expedición.*

As autorizacións para conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil soamente poderán expedirse aos que cumpran un dos seguintes requisitos:

a) Ter a condición de militar e que o exixa o seu posto de destino ou as necesidades do servizo.

b) Ser persoal civil adscrito ao Ministerio de Defensa ou á Dirección Xeral da Garda Civil e que o exixa o seu posto de traballo ou contrato laboral.

Artigo 3. *Excepcións.*

1. Poderán expedirse autorizacións temporais para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas ou á Garda Civil aos que se encontren desenvolvendo cursos ou realizando algunha actividade no ámbito das Forzas Armadas ou da Garda Civil, sempre que sexan titulares dun permiso de condución equivalente e en vigor.

2. As ditas autorizacións serán expedidas pola escola ou o organismo facultado para isto, conforme se establece no artigo 5, e habilitarán o seu titular para conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil unicamente durante o prazo de tempo e nas condicións que se determinen nelas.

Artigo 4. *Obrigacións dos titulares das autorizacións para conducir.*

1. O titular de calquera das autorizacións que habilitan para conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil deberá levalas consigo e exhibilas cando, con ocasión da circulación, sexa requirido para isto polos axentes da autoridade, e deben estar, en todo caso, en vigor.

2. A autorización especial para conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil que transporten mercadorías perigosas por si soa non autoriza para conducir estes vehículos se non vai acompañada do permiso de condución en vigor requirido para conducir o vehículo de que se trate.

3. Ningunha persoa poderá ser titular de máis dun permiso de condución ou dunha autorización especial para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas ou á Garda Civil.

4. No suposto de que o titular dun permiso de condución ou dunha autorización especial para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas ou á Garda Civil obteña outro permiso de condución ou outra autorización especial para conducir eses vehículos, seralle retirado o que proceda para a súa remisión ao rexistro de condutores correspondente.

Artigo 5. *Facultade para a súa expedición.*

1. Por orde do ministro do Interior determinaranse as escolas e organismos das Forzas Armadas e da Dirección Xeral da Garda Civil facultados para expediren as autorizacións para conducir vehículos pertencentes ás ditas institucións, que poderán ser trocados polos seus equivalentes previstos nos artigos 4 e 25, respectivamente, do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

2. As citadas escolas e organismos poderán expedir as referidas autorizacións administrativas mesmo que o seu titular pertenza a outro Exército ou á Garda Civil, sempre que cumpran cos requisitos exixidos neste real decreto.

3. As citadas autorizacións serán expedidas pola escola ou polo organismo militar competente e, unha vez expedidas, procederase á súa anotación no rexistro correspondente.

Para estes efectos, o xefe da súa unidade requirirá de oficio o interesado para que realice as probas necesarias para obter o permiso de condución da clase que se considere oportuna ou a autorización especial para transportar mercadorías perigosas, ante a escola ou o organismo militar correspondente.

Artigo 6. *Prórroga da vixencia.*

1. O xefe do rexistro de condutores ou o xefe da unidade requirirá de oficio o titular da autorización para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas ou á Garda Civil no último trimestre da súa validez, para que realice os trámites necesarios para prorrogar a súa vixencia.

2. Durante a tramitación da prórroga da vixencia da autorización administrativa poderase prover o seu titular dunha autorización temporal para conducir que será

expedida pola escola ou o organismo facultado para isto, conforme se establece no artigo 5.

Artigo 7. *Expedición de duplicados.*

1. Soamente se expedirán duplicados das autorizacións para conducir por perda, deterioración, subtracción do orixinal ou variación dos datos.

2. A solicitude dirixirase á escola ou organismo competente, no modelo que se facilite ou que poderá descargarse nas correspondentes páxinas web das Forzas Armadas ou da Garda Civil.

Á solicitude xuntaráse unha información sucinta das circunstancias que deron lugar á perda, subtracción ou deterioración do orixinal a fin de depurar posibles responsabilidades disciplinarias conforme a normativa vixente.

3. Unha vez que se expida o duplicado e se, no caso de perda ou subtracción, posteriormente aparecer, deberá remitirse a autorización orixinal ao organismo que o expidiu para a súa anulación.

Artigo 8. *Informes de aptitude psicofísica.*

Os informes de aptitude psicofísica para obter ou prorrogar a vixencia das autorizacións para conducir poderán ser expedidos:

a) Polos centros sanitarios das Forzas Armadas ou da Dirección Xeral da Garda Civil.

b) Por un centro de recoñecemento destinado a verificar as aptitudes psicofísicas dos condutores, acreditado pola Dirección Xeral de Tráfico, cando non exista na provincia un centro dos referidos na alínea anterior ou o aconsellen as necesidades do servizo.

c) Polos facultativos das Forzas Armadas ou do Corpo da Garda Civil que realizarán as probas e exploracións necesarias para verificar que reúnen as aptitudes psicofísicas necesarias para conducir, conforme o disposto no anexo IV do Regulamento xeral de condutores.

Artigo 9. *Formación que se impartirá, probas que se realizarán e vehículos que se utilizarán nelas.*

1. A formación que se impartirá e as probas que se realizarán para obter as diferentes clases de permiso de condución e a autorización especial para conducir vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil que transporten mercadorías perigosas axustaranse, con carácter xeral, ao disposto no título II do Regulamento xeral de condutores, sen prexuízo das especialidades que correspondan á natureza militar dos vehículos, que deberán ser tidas en conta ao outorgar a autorización da escola ou organismo das Forzas Armadas ou da Garda Civil.

2. Para poder iniciar a formación práctica en vías abertas ao tráfico xeral para a obtención do permiso de condución das clases A1 e A2, a escola ou organismo das Forzas Armadas ou da Dirección Xeral da Garda Civil outorgará ao aspirante, unha vez superada a proba de control de aptitudes e comportamentos en circuito cerrado, unha autorización que o faculte para completar a súa formación e realizar a aprendizaxe en vías abertas ao tráfico en xeral.

3. Os vehículos empregados nas probas, na medida en que o permitan as súas características especiais e os criterios operativos que rexen a dotación de material automóbil nas Forzas Armadas e na Garda Civil, axustaranse ao disposto no capítulo III do título II do Regulamento xeral de condutores.

Artigo 10. *Troco das autorizacións para conducir polos seus equivalentes militares.*

1. Os permisos de condución, así como as autorizacións especiais para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, poderán ser trocados polos seus

equivalentes para conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil sempre que as citadas autorizacións estean en vigor e o seu titular cumpra cos requisitos establecidos no artigo 2.

2. O troco realizarase de oficio naqueles supostos en que, por razón do posto de destino, pola normativa vixente ou por necesidades do servizo se exixa ser titular dalgunha desa clase de autorizacións.

3. Unha vez trocados, procederase á súa anotación no rexistro correspondente.

Artigo 11. *Réxime sancionador.*

As infraccións aos preceptos deste real decreto serán sancionadas de conformidade co disposto no artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

CAPÍTULO II

Dos permisos de conducción de vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil

Artigo 12. *Clases de permisos de conducción.*

Os permisos de conducción de vehículos pertencentes ás Forzas Armadas ou á Garda Civil serán das mesmas clases e características que os establecidos no artigo 4 do Regulamento xeral de condutores e poderán ser trocados polos seus equivalentes civís, coa única excepción do permiso de conducción da clase F.

Artigo 13. *Requisitos para a obtención dos permisos de conducción trocables.*

1. Para a obtención dos permisos de conducción de vehículos pertencentes ás Forzas Armadas ou á Garda Civil trocables, deberánse cumprir os requisitos establecidos no Regulamento xeral de condutores, coas seguintes peculiaridades:

a) Ter cumprido as idades mínimas que se exixen no artigo 4 do Regulamento xeral de condutores coas seguintes excepcións:

- Para permisos das clases C, C+E: dezaioito anos.
- Para permisos das clases D1, D1+E, D e D+E: dezanove anos.

b) Ter sido declarado apto por unha escola ou organismo das Forzas Armadas ou da Dirección Xeral da Garda Civil autorizadas polo ministro do Interior.

2. O troco dos permisos de conducción polos seus equivalentes civís soamente terá lugar cando o seu titular tiver cumprido a idade mínima prevista no artigo 4 do Regulamento xeral de condutores para obter esa clase de permiso.

Artigo 14. *Requisitos para a obtención do permiso de conducción da clase F.*

1. O permiso de conducción da clase F habilita o seu titular para a conducción de vehículos especiais de natureza militar, de rodas, cadeas, mixtos e outros, exclusivos do ámbito das Forzas Armadas ou da Garda Civil.

2. Para a obtención do permiso de conducción da clase F requírirase:

- a) Ter feito dezaioito anos.
- b) Ser titular dun permiso de conducción en vigor da clase B.
- c) Ser declarado apto por unha escola ou organismo da Dirección Xeral da Garda Civil ou das Forzas Armadas autorizados, respectivamente, polos ministros do Interior ou de Defensa, aínda que o seu titular pertenza a outro Exército ou á Garda Civil.

3. O seu período de vixencia será de dez anos mentres o seu titular non faga os sesenta e cinco anos e de cinco anos, a partir desa idade, neste último caso, sempre que se manteña a situación de servizo activo ou de reserva con destino.

Artigo 15. *Peculiaridades na condución de vehículos.*

1. Para conducir vehículos automóbiles destinados ao transporte de mercadorías nos cales se transporten persoas en número superior a nove, incluído o condutor, requirirase, ademais do permiso de condución exixido polo vehículo de que se trate, o da clase D1 ou D segundo que o número de persoas transportadas, incluído o condutor, exceda ou non dezasete.

2. Co permiso de condución das clases C1 e C poderanse conducir vehículos automóbiles que transporten persoas en número superior a nove, incluído o condutor, sempre que o vehículo forme parte dun convoi ou columna militar e o transporte se realice nas condicións establecidas no número 4.

3. Os condutores de vehículos da Garda Civil e da Policía Militar, Naval e Aérea das Forzas Armadas cunha masa máxima autorizada non superior a 3.500 quilogramos e cuxo número de asentos, incluído o do condutor, non pase de nove, deberán ser titulares, en todos os casos, dun permiso de condución da clase BTP que lles permita, cando as circunstancias así o impoñan, facer fronte a situacións de emerxencia e utilizar os sinais luminosos e acústicos especiais de que van dotados estes vehículos.

4. Poderanse transportar persoas en vehículos non especificamente destinados ao transporte de viaxeiros.

En tales supostos e salvo en operacións e exercicios militares ou durante o desempeño de funcións policiais e de apoio en situacións de emerxencia, os vehículos deberán estar provistos dunha protección adecuada á carga que transporten, de maneira que non estorbe os ocupantes nin poida danalos en caso de ser proxectada, así como de asentos instalados adecuadamente na caixa dos vehículos, de acordo coa capacidade destes, sen exceder, en ningún caso, a súa masa máxima autorizada e tendo en conta as características técnicas do vehículo.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, exclúense do concepto de carga tanto o equipo como o armamento individual do persoal que se transporte.

5. Os vehículos especiais de natureza tipicamente militar que se conduzan cun permiso da clase F soamente poderán circular polas vías públicas en columna militar, e nunca poderán ser nin ir nin na dianteira nin de recadén, salvo no desenvolvemento de operacións e exercicios militares ou durante o desempeño de funcións policiais e de apoio en situacións de emerxencia.

Artigo 16. *Modelo do permiso de condución.*

O permiso de condución expedirase conforme o modelo que se recolle no anexo I.

Artigo 17. *Perda de vixencia do permiso de condución.*

A declaración de perda de vixencia pola desaparición dalgún dos requisitos exixidos para o seu outorgamento será iniciada pola autoridade competente para expedir a autorización para conducir por petición do xefe da unidade a que pertenza o condutor, conforme o disposto no artigo 36 do Regulamento xeral de condutores, e darase vista do expediente ao titular da autorización nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO III

Das autorizacións especiais para conducir vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil que transporten mercadorías perigosas

Artigo 18. *Requisitos para a súa obtención e prórroga.*

Para a obtención ou prórroga da vixencia da autorización especial para conducir vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil que transporten mercadorías perigosas por estrada, deberanse reunir os requisitos establecidos no artigo 26 do Regulamento xeral de condutores, salvo o previsto na súa alínea b) que será substituído polo requisito de ser declarado apto despois de superar o curso de formación como condutor para o transporte de mercadorías perigosas realizado nunha escola ou organismo das Forzas Armadas ou da Garda Civil autorizadas polo ministro do Interior.

Artigo 19. *Modelo da autorización especial.*

A autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas por estrada expedirase conforme o modelo que se recolle no anexo II.

CAPÍTULO IV

Dos rexistros de condutores

Artigo 20. *Finalidade dos rexistros de condutores.*

1. Nos rexistros de condutores das Forzas Armadas e da Garda Civil recolleranse e xestionaranse de forma automatizada os datos de carácter persoal dos titulares dos permisos de condución ou da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas por estrada, así como o seu comportamento e as sancións por feitos relacionados co tráfico e a seguranza viaria, coa finalidade de controlar o cumprimento das exigencias previstas pola normativa vixente.

2. A Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Defensa e a Dirección Xeral da Garda Civil serán os órganos responsables dos rexistros de condutores das Forzas Armadas e da Garda Civil, respectivamente.

3. O titular do órgano responsable de cada rexistro adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias para asegurar, en todo caso, a confidencialidade, a seguranza e a integridade dos datos automatizados de carácter persoal existentes no rexistro e o seu uso respecto ás finalidades para que foron recollidos.

4. As medidas de seguranza dos citados rexistros serán de nivel alto conforme o disposto na normativa vixente na materia.

Artigo 21. *Datos que deben figurar nos rexistros.*

1. En cada rexistro de condutores figurarán os seguintes datos:

a) Nome, apelidos, nacionalidade e destino do titular da autorización, número do seu documento nacional de identidade se é español ou, se for o caso, número de identidade de estranxeiro.

b) Data, lugar de nacemento e sexo do titular da autorización.

c) Situación militar.

d) Corpo/escala, categoría/grao e posto de traballo.

e) Clases de permiso e outras autorizacións administrativas ou documentos necesarios para conducir ou relacionados coa condución.

f) Condición de profesional do ensino da condución, de formador ou de psicólogo formador.

- g) Historial e resultados das distintas probas de aptitude realizadas para obter autorizacións administrativas para conducir.
- h) Historial, mencións e períodos de vixencia das distintas autorizacións ou documentos que autoricen para conducir.
- i) Mencións, incidencias, restricións e limitacións relacionadas coa propia autorización, a persoa titular desta, o vehículo ou a circulación.
- j) Identificación do servizo sanitario ou centro de recoñecemento que realizou a exploración do condutor e emitiu o correspondente informe de aptitude psicofísica, así como o resultado final dese informe.
- k) Condenas xudiciais que afecten a autorización administrativa para conducir e as sancións administrativas impostas por resolución firme en vía administrativa pola comisión de infraccións graves ou moi graves.
- l) Nulidade ou lesividade, perda de vixencia ou medidas cautelares adoptadas
- m) Crédito de puntos de que se dispón.
- n) Procedencia do permiso en caso de troco
- ñ) Outras incidencias relacionadas coas autorizacións administrativas para conducir.

Artigo 22. *Tratamento e cesión de datos.*

1. O tratamento e a cesión dos datos contidos nos rexistros de condutores correspondentes someteranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao seu regulamento de desenvolvemento.

2. Os datos de cada rexistro, que en ningún caso terá carácter público, unicamente serán obxecto de cesión cando así o autorice unha norma con rango de lei.

3. En todo caso, poderanse ceder os datos entre os respectivos rexistros, así como ao Rexistro de Condutores e Infractores da Dirección Xeral de Tráfico e á inversa, ao abeiro do establecido no artigo 11.2 e) e c) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable.*

A conducción e circulación dos vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil rexeráse, naqueles aspectos non regulados no presente real decreto, polo disposto no texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria e pola normativa que o desenvolve, así como pola súa regulamentación específica nos aspectos exclusivamente militares e polo establecido nos convenios e tratados internacionais que lle sexan de aplicación.

Disposición adicional segunda. *Interconexión entre rexistros.*

A cesión de datos a que se fai referencia no artigo 21 realizarase por medios electrónicos, mediante a interconexión das bases de datos dos seus respectivos rexistros, de acordo co principio de proporcionalidade e limitada á finalidade que a xustifique.

Non obstante, os titulares dos órganos responsables do Rexistro de Condutores e Infractores ou dos rexistros de condutores das Forzas Armadas e da Garda Civil deberán comunicarse reciprocamente no prazo de quince días os datos que se recollen na alínea g), i) e j) do artigo 77 do Regulamento xeral de condutores.

Disposición adicional terceira. *Gastos de persoal.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Equivalencia de permisos de conducción expedidos con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo.*

A equivalencia dos permisos de conducción expedidos con data anterior á entrada en vigor do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, será a mesma que a prevista na disposición transitoria primeira do Regulamento xeral de condutores.

Disposición transitoria segunda. *Permisos de conducción e autorizacións especiais para transportar mercadorías perigosas expedidos conforme o modelo previsto no Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo.*

Os permisos de conducción e as autorizacións especiais para transportar mercadorías perigosas expedidos conforme o modelo previsto no Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, continuarán sendo válidos nas mesmas condicións en que foron expedidos até que finalice o seu período de vixencia e axustaranse á equivalencia prevista na disposición transitoria segunda do Regulamento xeral de condutores.

Disposición transitoria terceira. *Escolas e organismos das Forzas Armadas e da Dirección Xeral da Garda Civil facultados para expedir a autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas e o permiso de conducción da clase F.*

1. Até que se establezan por orde do ministro do Interior as escolas e organismos militares e da Dirección Xeral da Garda Civil facultados para expedir a autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, estas autorizacións serán expedidas polas escolas e organismos que se determinan na Orde do 30 de decembro de 1997 e na Orde INT/2130/2008, do 9 de xullo, respectivamente.

2. Até que se establezan por orde dos ministros do Interior no ámbito da Garda Civil, ou de Defensa no ámbito das Forzas Armadas, as escolas e organismos facultados para expedir o permiso de conducción da clase F, estes permisos serán expedidos polas escolas e organismos que se determinan na Orde do 30 de decembro de 1997 e na Orde INT/2130/2008, do 9 de xullo, respectivamente.

Disposición transitoria cuarta. *Procedementos de obtención ou prórroga de permisos de conducción iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Aqueles procedementos para a obtención ou prórroga do permiso de conducción de vehículos das Forzas Armadas ou da Garda Civil ou das autorizacións especiais para conducir esa clase de vehículos cando transporten mercadorías perigosas, iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, tramitaranse conforme a normativa vixente no momento en que se iniciaron, e o permiso de conducción ou a súa prórroga expediranse conforme o modelo previsto no anexo I deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de conducción de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Datos dos rexistros de condutores das Forzas Armadas ou da Garda Civil.*

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, a finalidade, usos, datos, estrutura, órganos responsables, dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, así como o nivel de seguranza dos rexistros de

condutores das Forzas Armadas ou da Garda Civil serán os que se establecen para os ficheiros de datos de carácter persoal correspondentes a cada un deles.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4^a, 21^a e 29^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, así como en materia de defensa, forzas armadas e seguranza pública.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para modificar os anexos.*

A modificación dos anexos farase mediante orde da ministra da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros do Interior e de Defensa.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros do Interior e de Defensa, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren separada ou conxuntamente cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor no prazo de seis meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xullo de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

Modelo do permiso de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil

1. As características físicas do cartón correspondente ao modelo de permiso de condución axustaranse ás normas ISO 7810 e ISO 7816-1.

2. O permiso será de cor verde RAL - 6019 e constará de dúas faces:

A páxina 1 –Anverso– conterá:

1.º Bandeira de España.

2.º Mención:

– Ministerio de Defensa - Reino de España (para as Forzas Armadas).

– Ministerio do Interior - Reino de España (para a Garda Civil).

3.º Permiso de condución para vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil.

4.º Logotipo das Forzas Armadas ou da Garda Civil, segundo o organismo expedidor.

5.º Fondo co escudo de España en cor branca.

6.º As informacións específicas do permiso de condución expedido constarán numeradas do seguinte modo:

(1) Emprego do titular.

(2) Apelidos do titular.

(3) Nome do titular.

(4) Data de nacemento do titular.

(5) a) Data de expedición do permiso.

b) Data de caducidade do permiso.

c) Órgano expedidor: Rexistro de Condutores das Forzas Armadas // Garda Civil.

(6) Número de permiso.

(7) Fotografía do titular.

(8) Sinatura do titular.

(9) Categorías de vehículos que o titular ten dereito a conducir.

A páxina 2 –Reverso– conterá:

1.º

(9) Categorías de vehículos que o titular ten dereito a conducir.

(10) Data da primeira expedición de cada categoría (esta data deberá transcribirse ao novo permiso en toda substitución ou intercambio posteriores).

(11) Data de caducidade de cada categoría.

(12) Se for o caso, as mencións adicionais ou restritivas en forma codificada con respecto a cada categoría a que se apliquen.

Os códigos estableceranse do seguinte modo:

– Códigos 1 a 99, códigos comunitarios harmonizados.

– Códigos 100 e posteriores, códigos nacionais válidos unicamente en circulación por territorio español.

2.º Unha explicación das epígrafes numeradas que aparecen nas páxinas 1 e 2 do permiso de condución (ao menos as epígrafes 1, 2, 3, 4, 5a, 5b, 5c, 6, 9, 10, 11 e 12).

Páxina 1 –ANVERSO– Para as Forzas Armadas

MINISTERIO DE DEFENSA, REINO DE ESPAÑA
PERMISO DE CONDUCCIÓN PARA VEHÍCULOS DAS
FORZAS ARMADAS E DA GARDA CIVIL

LOGO

FOTO

1 Empleo
 2 Apellidos
 3 Nome
 4 Data de nacemento
 5a.
 5c.

5b.
8. Sinatura

6. Número

9.

Páxina 1 –ANVERSO– Para a Garda Civil

MINISTERIO DO INTERIOR, REINO DE ESPAÑA
PERMISO DE CONDUCCIÓN PARA VEHÍCULOS DAS
FORZAS ARMADAS E DA GARDA CIVIL

LOGO

FOTO

1 Empleo
 2 Apellidos
 3 Nome
 4 Data de nacemento
 5a.
 5c.

5b.
8. Sinatura

6. Número

9.

Páxina 2 –REVERSO– Para as Forzas Armadas e para a Garda Civil

1. Empleo
 2. Apellidos
 3. Nome
 4. Data de nacemento
 5a. Válido desde
 5b. Válido até
 5c. Autoridade expedidora
 6. Número
 9. Categorias
 10. Válido desde
 11. Válido até
 12. Mencions e restricións

	9	10	11	12
AM				
A1				
A2				
A				
B				
C1				
C				
D1				
D				
BE				
C1E				
CE				
D1E				
DE				
BTP				
F				

ANEXO II

Modelo de autorización especial para conducir vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil que transporten mercadorías perigosas

1. As características físicas do cartón correspondente ao modelo da autorización especial para conducir vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil que transporten mercadorías perigosas por estrada axustaranse ás normas ISO 7810 e ISO 7816-1.

2. A autorización especial será de cor verde RAL - 6019 e constará de dúas faces:

A páxina 1 –Anverso– conterá:

1.º Bandeira de España.

2.º Mención:

– Ministerio de Defensa - Reino de España (para Forzas Armadas).

– Ministerio do Interior - Reino de España (para a Garda Civil).

3.º ADR - Certificado de formación do condutor das Forzas Armadas e da Garda Civil.

4.º Logotipo das Forzas Armadas ou da Garda Civil, segundo o organismo expedidor.

5.º Fondo co escudo de España en cor branca.

6.º As informacións específicas do certificado de formación do condutor para o transporte de mercadorías perigosas por estrada constarán numeradas do seguinte modo:

(1) Emprego do titular.

(2) Apelidos do titular.

(3) Nome do titular.

(4) Data de nacemento do titular.

(5) a) Data de expedición.

b) Válido até: (dd/mm/aaaa).

c) Órgano expedidor: Rexistro de Condutores das Forzas Armadas // Garda Civil.

(6) Número do certificado.

(7) Fotografía do titular.



(8) Sinatura do titular.

A páxina 2 –Reverso– conterá:



(9) Cisternas - (clase ou número(s) ONU autorizados para transportar. Riscar os datos que non procedan.

(10) Que non sexa en cisternas - (clase ou número(s) ONU. Riscar os datos que non procedan.

**Páxina 1 –ANVERSO–
Para as Forzas Armadas**

	MINISTERIO DE DEFENSA, REINO DE ESPAÑA ADR - CERTIFICADO DE FORMACIÓN DO CONDUTOR DAS FORZAS ARMADAS E DA GARDA CIVIL	LOGO
	1 Empleo 2 Apellidos 3 Nome 4 Data de nacemento 5a. 5c.	
FOTO 6. Número		

**Páxina 1 –ANVERSO–
Para a Garda Civil**

	MINISTERIO DO INTERIOR, REINO DE ESPAÑA ADR - CERTIFICADO DE FORMACIÓN DO CONDUTOR DAS FORZAS ARMADAS E DA GARDA CIVIL	LOGO
	1 Empleo 2 Apellidos 3 Nome 4 Data de nacemento 5a. 5c.	
FOTO 6. Número		

**Páxina 2 –REVERSO–
Para as Forzas Armadas e para a Garda Civil**

VÁLIDO PARA A CLASE OU CLASES

CISTERNAS:

9. Clase(s)

1		
2		
3		
4.1	4.2	4.3
5.1	5.2	
6.1	6.2	
7		
8		
9		

QUE NON SEXA EN CISTERNAS

10. Clase(s)

1		
2		
3		
4.1	4.2	4.3
5.1	5.2	
6.1	6.2	
7		
8		
9		